

## BOLETÍN EJERCICIOS CUENTA DE PÉRDIDAS Y GANANCIAS

1. La empresa ALBINE S.A. presenta los siguientes datos de gastos e ingresos correspondientes al último ejercicio económico (valores en euros): Alquiler: 5.000 Salarios del personal: 80.200 Suministros: 18.200 Intereses de préstamos: 12.000 Cuotas pagadas a la Seguridad Social: 32.400 Ventas: 623.000 Compras de mercancías: 123.000 Amortización del inmovilizado material: 74.000 Se pide:
- Elabore la cuenta de resultados de esta empresa y determine el beneficio neto obtenido aplicando un tipo impositivo del impuesto de sociedades del 25 %. (1 punto)
  - Si los recursos propios de la empresa ascienden a 3.210.000 euros, calcule la rentabilidad financiera de esta empresa e interprete el resultado. (1 punto)
  - Si la rentabilidad económica de esta empresa es del 3 %, calcule el valor del activo de la misma. (0,5 puntos) (**septiembre 2020**)
2. As contas que afectan aos resultados dunha empresa presentan os seguintes saldos ao 31 de decembro de 2008 (expresados en euros):  
- Compras de mercadorías: 230.000 - Ventas de mercadorías: 900.500 - Amortizacións do inmovilizado: 12.000 - Soldos e salarios: 200.000 - Gastos de publicidade: 12.000 - Cobramento de dividendos das accións que posúe a empresa: 13.500 - Xuros de débedas: 5.000. Pídese:
- Elaborar a conta de perdas e ganancias e calcular os resultados de explotación. (1 pto.)
  - Determinar os resultados financeiros. (1 pto.)
  - Calcular o beneficio antes e despois de impostos (tipo impositivo: 30%). (0,5 ptos.)
3. A empresa POLOSUR S.A. presenta a 31 de decembro de 2005, os seguintes saldos para as contas que afectan aos resultados (expresados en unidades monetarias):  
Compras de mercadorías: 123.000  
Ventas de mercadorías: 80.000  
Salarios de persoal: 95.000  
Intereses cobrados dunha conta corrente: 114.000  
Gastos de teléfono: 11.000  
Gastos de luz: 11.500  
Intereses pagados ao banco por un préstamo: 117.000  
Perdas procedentes da venda dun vehículo propiedade da empresa: 20.000  
Pídese:
- Ordenar as contas anteriores distinguindo entre ingresos e gastos e calcular os resultados de explotación. (1 pto.)
  - Determinar os resultado financeiro. (1 pto.)
  - Calcular o beneficio antes e despois de impostos (tipo impositivo: 35%). (0,5 ptos.)
4. Partindo da seguinte información contable correspondente a unha empresa produtora de electrodomésticos (as cifras están expresadas en euros):  
Compra de mercadorías: 15.000, Soldos e salarios: 2.500, Perdas procedentes da venda de inmovilizado material: 20.000, Ingresos extraordinarios: 12.500, Ingresos derivados dos rendementos de activos financeiros: 600, Venda de mercadorías: 50.000, Ingresos por arrendamentos: 1.250, Intereses de débedas: 100.  
Pídese: a) Determinar o resultado de explotación. (1 pto.). b) Determinar os resultado financeiro. (1 pto.).  
c) Elaborar a conta de perdas e ganancias e obter os beneficios antes de impostos. (0,5 ptos.)
5. A empresa CASA, S.A., que se adica á comercialización de artigos para o fogar presenta a 31 de decembro de 2004 os seguintes saldos para as contas que afectan ós resultados (expresados en u.m.): Compras de mercadorías, 18.000; Ventas de mercadorías, 62.500; Intereses cobrados pola posesión de activos financeiros, 12.500; Gastos de aluguer 8.000; Gastos de publicidade, 1.200; Intereses pagados ó banco por descontos de efectos, 15.000; beneficios procedentes da venda dun terreno propiedade da empresa, 12.500.  
Pídese: a) Ordear adecuadamente as contas anteriores distinguindo entre ingresos e gastos e calcular os resultados de explotación (1pto.); b) Determinar o resultado financeiro (1pto.); c) Calcular o beneficio antes e despois de impostos (tipo impositivo: 35%) (0,5ptos.)
6. A empresa La for SA ten un activo de 80.000 euros, uns fondos propios de 36.000 euros, e obtivo durante o exercicio un beneficio antes de intereses e impostos de 7.200 euros, pagou impostos por 2.160 euros e pagou de intereses 1.540 euros. (R1=Beneficios antes de intereses e impostos/Activo total; R2= Beneficio neto/Fondos propios).  
Pídese: a) Calcular a rendibilidade económica (1 pto). b) Calcular a rendibilidade financeira (1 pto). c) Interpretar os resultados obtidos (0,5 ptos).
7. A empresa INVER S.A. presenta a seguinte información correspondente á data de peche do último exercicio económico (valores expresados en euros):
- |                               |                                    |
|-------------------------------|------------------------------------|
| Compra de mercadorías: 40.000 | Reparacións e conservación: 25.000 |
| Gastos financeiros: 20.000    | Amortizacións: 55.000              |
| Venda de mercadorías: 240.000 | Gastos de persoal: 30.000          |
- A partir dos datos do Balance sábese que o valor total do activo ascende a 900.000 euros e os Fondos propios a 600.000 euros. Tendo en conta que o tipo impositivo, para o cálculo do imposto de sociedades, é do 30% . Pídese:
- Ordenar a conta de Perdas e Ganancias cos distintos niveis de resultados. (1 pto.)
  - Calcular a rendibilidade financeira. (1 pto.)
  - Explicar o significado do resultado do apartado anterior. (0,5 ptos.)
8. Considera a seguinte información dunha sociedade anónima hipotética correspondente ao último exercicio económico (valores expresados en euros):  
Ingresos por vendas: 1.000.000 Compras de mercadorías: 500.000 Soldos e salarios:100.000  
Subministracións: 10.000 Amortización do inmovilizado: 20.000 Gastos financeiros: 3.000 Reparacións e conservación: 2.000  
Sabendo que o valor total do activo é de 1.500.000 euros, o valor dos recursos propios é de 750.000 euros e que o tipo do imposto sobre sociedades é do 30 %, pídese:
- Determinar o resultado de explotación. (1 pto.)
  - Determinar o resultado do exercicio despois de impostos. (1 pto.)
  - Calcular a rendibilidade financeira. (0,5 ptos.)
- (SETEMBRO 2016)